

CONVOCATORIA DE AXUDAS SINGULARES DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

A Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno, a proposta da Vicerreitoría de Investigación e Innovación acorda convocar esta liña de axudas no marco dos orzamentos aprobados pola USC para 2017 aplicados a Incentivos a Grupos de Investigadores.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é axudar a resolver necesidades puntuais en materia de investigación, a grupos e/ou equipos de investigadores con dificultades acreditables para continuar desenvolvendo a súa liña de investigación por non contar con financiamento procedente doutras fontes. A axuda tamén se dirixe a equipos emerxentes que carecen de financiamento pero que poden demostrar unha traxectoria investigadora relevante ou unha liña de investigación nova.

2. SOLICITANTES

2.1.- Estas axudas poderán ser solicitadas por:

- a) Grupos de Investigación do *Catalogo de investigadores e grupos de investigación da USC*, que solicitando axudas nas dúas últimas convocatorias do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas (Grupos) da Xunta de Galicia, e tendo sido admitidos por cumprir cos requirimentos das categorías correspondentes, non obtiveran financiamento.
- b) Grupos de Investigación do *Catálogo de investigadores e grupos de investigación da USC* que non puideron participar na última convocatoria (2016) da Xunta de Galicia do Programa de Consolidación e Estruturação de Unidades de Investigación Competitivas (Grupos) e outras acción de fomento nas universidades do SUG, por rematar unha axuda equivalente no referido ano 2016.
- c) O/a investigador/a principal (IP) dun equipo de investigación que tendo solicitado proxectos en convocatorias internacionais ou nacionais no ano 2016 non lograra financiamento por razóns de prioridade económica.
- d) Os grupos novos, rexistrados no Catálogo de investigadores da USC ao longo dos anos 2016 ou 2017, constituído polo menos por tres membros, que podan demostrar unha traxectoria investigadora relevante ou unha liña de investigación nova e independente consonte ao establecido no punto 5.1.ii.

2.2.- En correspondencia co obxecto da convocatoria descrito no punto 1, os solicitantes referidos non poden ter axudas activas ou financiamento operativo durante o exercicio 2017 que permita sufragar os gastos da axuda solicitada.

2.3.- Estas axudas concédense por un só ano improrrogable, sendo obrigatorio concursar á convocatoria europea, nacional ou autonómica correspondente no ano en curso.

3. FINANCIAMENTO

O financiamento da presente convocatoria, por un importe máximo de 80.000€, efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 8050-2301-64000, do Orzamento da Universidade de Santiago de Compostela de 2017.

O importe das axudas será determinado pola Comisión Investigación Delegada do Consello de Goberno, en función do número de axudas a financiar e a valoración dos orzamentos propostos. En calquera caso, o máximo a percibir por axuda será de 5.000€, no caso de solicitudes de Grupos de Investigación e de 3.000, no caso de solicitudes de IPs. Non poderá existir concorrencia de solicitudes (por grupo ou IP).

4. GASTOS ELEXIBLES

A axuda concedida diríxese primordialmente á realización de actividades que melloren as oportunidades de obtención de financiamento en próximas convocatorias competitivas. Poderase solicitar axuda para as seguintes accións:

- Gastos derivados de Publicacións. Priorizaranse as publicacións en aberto.
- Gastos de mobilidade, inscrición e/ou asistencia a congresos. Priorizaranse as solicitudes do persoal investigador en formación (matriculados en doutoramento).
- Gastos de reparación/mantemento/substitución de pequeno equipamento científico, ou gastos de sostibilidade de materiais asociados á actividade de investigación.
- Gastos asociados a outras actividades directamente relacionadas coa sostibilidade da actividade de investigación do Grupo ou do Equipo de Investigación.

En ningún caso poderá destinarse a axuda a gastos de persoal.

5. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES

5.1. As solicitudes dirixiranse ao Sr. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela presentarase:

No Rexistro do edificio Cactus
Edificio Cactus
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

No Rexistro do Campus de Lugo

Servicios Centrais
Edificio Biblioteca Intercentros
27002 Lugo

Deberá achegarse coa seguinte documentación:

i.- Breve memoria explicativa cun máximo de 500 palabras das accións a financiar e xustificación da necesidade da axudas.

ii.- Traxectoria do grupo ou equipo de investigación. No caso de liñas ou grupos novos describir xustificadamente a nova actividade investigadora independente. A traxectoria debe acreditarse mediante:

- Relación de proxectos competitivos obtidos e/ou solicitados no período 2014-2016 coa indicación dos ingresos concedidos, ou a cualificación obtida na avaliación, no caso dos proxectos non concedidos.
- Publicacións mais relevantes no ano 2016 (máximo 3).
- Tres méritos que considere destacados para reflectir a traxectoria do Grupo/IP.
- No caso de liñas ou grupos novos describir xustificadamente a nova actividade investigadora independente.

6.-PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.1.-O prazo de presentación de solicitudes se iniciará o día seguinte ao da súa publicación na páxina WEB da Vicerreitoría con competencias en investigación e rematará ás 14 horas do día **12 de xuño de 2017**.

7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

7.1. A Comisión de Investigación Delegada do Consello de Goberno decidirá sobre a concesión das axudas así como o seu importe, tendo en conta os seguintes criterios:

1. Os datos de Producción Científica nos derradeiros tres anos do Grupo (apartados a, b do punto 2.1), do equipo solicitante de proxectos (aptdo. c) ou do grupo novo (aptdo. d).
2. A traxectoria presentada de acordo ao establecido no punto 5.
3. A oportunidade da acción proposta en relación coa política científica da USC.
4. A dispoñibilidade orzamentaria.
5. O nº de solicitudes recibidas.

7.2.-A Comisión arbitrará os mecanismos e criterios adicionais que, de ser o caso, considere necesarios para proceder á avaliación e selección das solicitudes presentadas, reservándose o

dereito de solicitar información adicional, no caso de que o considere necesario para decidir sobre algunha solicitude.

Efectuada a valoración, procederase á publicación da proposta de concesión das axudas nos taboleiros de anuncios do edificio CACTUS, da Vicerreitoría do Campus de Lugo, así como na páxina WEB da Vicerreitoría de Investigación e Innovación. Contra esta proposta os interesados poderán presentar alegacións no prazo de dez días naturais, contados dende o día seguinte á data de publicación da mesma. Transcorrido este prazo, e analizadas, no seu caso, as alegacións, a proposta elevarase á Vicerreitoría con competencias en investigación, quen resolverá definitivamente por delegación do Reitor.

Non axustarse á convocatoria e aos requisitos dos solicitantes, así como a ocultación de datos, a súa alteración, ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de desestimación da solicitude.

8. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

Os gastos deberán realizarse antes do 30 de outubro de 2017, e a xustificación será enviada á Vicerreitoría de Investigación e Innovación antes do 15 de novembro, utilizando o modelo que figura como Anexo. O Crédito da axuda non xustificada será recuperado pola Vicerreitoría.

O incumprimento desta condición suporá a obriga de devolución da cantidade percibida.

Contra os actos administrativos que se deriven da presente convocatoria poderán recorrer os interesados nos casos e formas previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.